

CUESTIONARIO: 1º EXERCICIO

1. Segundo a Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, ser deputado do Parlamento de Galicia é compatible coa condición de:
 - a) deputado do Congreso.
 - b) senador en calquera caso.
 - c) senador elixido en representación da Comunidade Autónoma.
 - d) parlamentario europeo.
2. A Lei 8/1985 de eleccións ao Parlamento de Galicia determina que a administración electoral galega corresponde:
 - a) ao Parlamento de Galicia, como sede do poder lexislativo.
 - b) unicamente á Xunta Electoral de Galicia con independencia da administración que esta estableza.
 - c) á Xunta Electoral de Galicia, ás Xuntas Electorais Provinciais e ás de Zona e ás mesas electorais.
 - d) ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
3. En caso de emendas a un proxecto de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos orzamentarios, o Regulamento do Parlamento de Galicia preceptúa que:
 - a) a Xunta de Galicia deberá dar reposta razoada en 5 días ao informe da Ponencia que lle traslade a Presidencia do Parlamento.
 - b) a Xunta de Galicia deberá dar resposta razoada en 10 días ao informe da Ponencia que lle traslade a Presidencia do Parlamento.
 - c) a Xunta de Galicia deberá dar reposta razoada en 15 días ao informe da Ponencia que lle traslade a Presidencia do Parlamento.
 - d) o silencio da Xunta de Galicia, no prazo para dar resposta razoada, expresa desconformidade.
4. Entre as especialidades que inciden na tramitación do proxecto de lei de orzamentos na cámara galega están:
 - a) o exame, emenda e aprobación dos orzamentos, en xeral, réxese por un procedemento lexislativo especial.
 - b) as emendas ao proxecto de lei de orzamentos que impliquen aumento de créditos nalgún concepto unicamente poderán ser admitidas a trámite se, ademais de cumprir os requisitos xerais, propoñen unha baixa de igual contía na mesma sección.
 - c) o debate da totalidade do proxecto de lei de orzamentos será en dúas fases, separando as emendas que postulen a súa devolución global coas emendas a calquera sección ou centro xestor do gasto.
 - d) o debate final dos orzamentos no Pleno da Cámara desenvolverase en conxunto, é dicir, o articulado da lei e das súas seccións.
5. O Presidente da Xunta pode formular ante o Parlamento unha cuestión de confianza. Segundo o artigo 139 do Regulamento do Parlamento de Galicia, esta caracterízase, entre outros aspectos, porque:
 - a) versará sobre o seu programa ou sobre unha declaración política xeral.
 - b) a votación non poderá ter lugar ata transcorridas 48h dende a súa presentación.
 - c) a confianza entenderase outorgada cando obteña, cando menos, o voto da maioría absoluta dos deputados.
 - d) de non obter a maioría absoluta, haberá unha nova votación e de non obter maioría simple, a Xunta e o seu Presidente cesarán.
6. Cal NON é unha decisión dos órganos da administración parlamentaria galega segundo o seu Regulamento de organización e funcionamento:
 - a) resolución da letrada ou letrado oficial maior.
 - b) resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia.
 - c) acordo do Pleno do Parlamento de Galicia.
 - d) acordo da Mesa do Parlamento de Galicia.

7. SINALE CAL É A OPCIÓN FALSA: Respecto das preguntas que os membros da cámara poden presentar á Xunta de Galicia, das que se pretenda resposta oral ante o Pleno, o Regulamento do Parlamento de Galicia di:
- a) estarán en condicións de ser incluídas na orde do día do Pleno unha vez transcorridos 4 días dende a súa publicación.
 - b) a Presidencia, de acordo coa Xunta de Portavoces sinalará o número de preguntas que se van incluír na orde do día de cada sesión plenaria e o criterio de distribución entre deputados de cada grupo parlamentario.
 - c) a Xunta de Galicia poderá solicitar motivadamente que a pregunta sexa posposta, por unha soa vez, para a orde do día da seguinte sesión plenaria.
 - d) de ser unha pregunta cualificada como urxente, a súa inclusión na orde do día requirirá comunicación á Xunta de Galicia con 24 horas de antelación ao desenvolvemento do Pleno.
8. O Regulamento de organización e funcionamento das administracións do Parlamento de Galicia, establece que, contra as disposicións administrativas e os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante:
- a) o Xulgado do contencioso-administrativo.
 - b) a Audiencia Provincial.
 - c) a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
 - d) non existe a posibilidade de interpoñer recurso contencioso-administrativo contra eses actos ao proceder do poder lexislativo.
9. O artigo 156 do Real decreto lexislativo 8/2015, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral da seguridade social, NON considera accidente do traballo, aquela lesión corporal que a persoa traballadora sufra con ocasión ou por consecuencia do traballo que execute por conta allea nos seguintes casos, entre outros:
- a) os que sufra a persoa traballadora ao ir ou vir do lugar en que exercite as funcións de cargos electivos de carácter sindical.
 - b) os acontecidos por estar realizando tarefas distintas ás súas, de xeito espontáneo en interese do bo funcionamento da empresa.
 - c) os accidentes debidos a forza maior allea ao traballo que se executaba, agás insolación, raio e outros fenómenos análogos da natureza.
 - d) as enfermidades ou defectos padecidos con anterioridade pola persoa traballadora, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.
10. SINALE CAL É A OPCIÓN FALSA: Ao abeiro dos artigos 141 e 142 do Real Decreto lexislativo 8/2015, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Seguridade Social:
- a) a cotización abrangue a achega da persoa empresaria e da persoa traballadora.
 - b) as continxencias por accidentes de traballo e enfermidades profesionais corresponden completamente á parte empresarial.
 - c) a persoa empresaria descontará ás súas persoas empregadas a achega que a cada un deles corresponda e responderá dela ante os organismos da seguridade social.
 - d) a persoa empresaria non está obrigada a ingresar a cotización dos seus traballadores.
11. A tramitación da aprobación do proxecto de orzamentos do Parlamento de Galicia, segundo o Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo será:
- a) elaboración dun anteproxecto que será sometido á aprobación da Mesa do Parlamento e, de ser aprobado, remitirase á Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia para a súa inclusión nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e posterior aprobación polo Pleno do Parlamento.
 - b) elaboración do proxecto de orzamentos pola Mesa do Parlamento e aprobación en lectura única polo Pleno do Parlamento, sendo publicado no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia para a súa entrada en vigor o primeiro día do seguinte exercicio.
 - c) elaboración do proxecto de orzamentos pola Presidencia do Parlamento e titular do Valedor do Pobo, respectivamente, e aprobación pola Mesa do Parlamento que o envía ao Boletín Oficial do Parlamento de Galicia para a súa publicidade e entrada en vigor o primeiro día do seguinte exercicio.
 - d) ningunha das anteriores respostas é correcta.

12. A liquidación do orzamento de cada exercicio regúlase no artigo 18 do Regulamento orzamentario e contable do Parlamento de Galicia e do Valedor do Pobo, do que resulta que:
 - a) antes do 1 de xullo debe liquidarse a recadación dos dereitos e o pagamento das obrigas que se veñan producindo durante o exercicio actual.
 - b) antes do 31 de decembro de cada ano natural debe confeccionarse e presentarse a liquidación do orzamento do exercicio actual.
 - c) antes do 1 de marzo do exercicio seguinte debe confeccionarse a liquidación do orzamento do exercicio anterior en canto á recadación dos dereitos e ao pagamento das obrigas.
 - d) entre o 1 de marzo e o 1 de xullo debe confeccionarse a liquidación do orzamento do exercicio anterior.
13. A conta xeral do Parlamento de Galicia, ao abeiro do estipulado no seu Regulamento orzamentario e contable:
 - a) é elaborada pola Presidencia e informada pola Intervención, tras o que se somete á aprobación da Mesa do Parlamento.
 - b) é elaborada pola Intervención do Parlamento e remítese á Mesa do Parlamento para a súa aprobación antes do 1 de marzo do exercicio seguinte.
 - c) é formada pola Intervención do Parlamento e remítese á Mesa do Parlamento para a súa aprobación antes do 31 de xullo do exercicio seguinte.
 - d) é elaborada pola Intervención do Parlamento e sométese á aprobación da Presidencia do Parlamento antes do 31 de xullo do exercicio seguinte.
14. As normas reguladoras dos pagamentos que deben xustificarse, aprobadas por acordo da Mesa do Parlamento en sesión do 8 de abril de 2019, permiten a súa concesión por importe:
 - a) non superior a 5.000 € por preceptor e partida orzamentaria.
 - b) non superior a 5.000 € por preceptor como global máximo das partidas.
 - c) non superior a 3.000 € por preceptor e partida orzamentaria.
 - d) non superior a 3.000 € por preceptor como global máximo das partidas.
15. SINALE CAL É A OPCIÓN FALSA: Un tratamento de datos persoais, segundo o Regulamento 2016/670 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, só será lícito se:
 - a) é necesario utilizar pola Administración pública os mesmos datos persoais para outros fins.
 - b) se acade o consentimento ao tratamento por parte do interesado.
 - c) resulte necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
 - d) o tratamento resulte necesario para protexer intereses vitais do interesado ou doutra persoa física.
16. En canto ao dereito de acceso do interesado aos datos persoais que se están tratando, ao abeiro do Regulamento 2016/670 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016:
 - a) o responsable do tratamento facilitará unha copia dos datos persoais obxecto do tratamento sen custo para o interesado coa extensión que este lle indique.
 - b) o responsable do tratamento facilitará unha copia dos datos persoais obxecto de tratamento despois do pagamento por parte do interesado dun canon razoable polos custos administrativos.
 - c) o responsable do tratamento facilitará unha copia dos datos persoais obxecto do tratamento e poderá percibir por calquera outra copia solicitada polo interesado un canon razoable polos custos administrativos.
 - d) o responsable do tratamento non ten obriga de facilitar ningunha copia dos datos persoais obxecto do tratamento.
17. Entre os principios básicos do Esquema Nacional de Seguridade, segundo o Real Decreto 311/2022, están:
 - a) o principio de eficiencia e economía.
 - b) o principio de control descontinuo.
 - c) o principio de existencia de liñas de defensa.
 - d) o principio de cautela enxeñeira.

18. Sobre a organización e implantación do proceso de seguridade, o Real Decreto 311/2022, polo que se aproba o Esquema Nacional de Seguridade, indica que:
- a) o responsable da seguridade será distinto do responsable do sistema, aínda que pode existir dependencia xerárquica entre ambos sen ser necesaria ningunha medida.
 - b) o responsable da información determinará os requisitos dos servizos prestados.
 - c) o responsable do sistema determinará as decisións para satisfacer os requisitos para a seguridade da información.
 - d) todas as respostas anteriores son incorrectas.
19. A teor do estipulado no artigo 21 da Lei de subvencións de Galicia, cando a solicitude de subvención non reúna os requisitos esixidos na convocatoria, o órgano competente requiriralle ao interesado para que a emende nun prazo de:
- a) 5 días.
 - b) 10 días.
 - c) 15 días.
 - d) 1 mes.
20. Segundo o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia, na concesión de subvencións polo Parlamento, a contía que se subvencionará, con carácter xeral, non será superior a:
- a) o 50% dos gastos realizados.
 - b) o 60% dos gastos realizados.
 - c) o 70% dos gastos realizados.
 - d) o 80% dos gastos realizados.
21. Segundo as normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia do día 25 de marzo de 1993, a quen lle corresponde a iniciativa para o exercicio da función fiscalizadora selectiva?
- a) Á Comisión Permanente non lexislativa de Relacións co Consello de Contas.
 - b) Aos grupos parlamentarios.
 - c) Á Xunta de Galicia.
 - d) Ás corporacións locais.
22. Segundo as normas reguladoras das relacións entre o Consello de Contas e o Parlamento de Galicia do día 25 de marzo de 1993, despois da cualificación e admisión a trámite da memoria anual e do informe de fiscalización da Conta Xeral, a Mesa do Parlamento disporá a súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia no prazo de:
- a) Dez días hábiles.
 - b) Dez días naturais.
 - c) Quince días hábiles.
 - d) Quince días naturais.
23. Segundo o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 17 de marzo de 2015 polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta, como declarará a Mesa do Parlamento aquelas preguntas que admitidas a trámite non foron incluídas na correspondente sesión plenaria?
- a) Decaídas.
 - b) Rexeitadas.
 - c) Anuladas.
 - d) Aprazadas.
24. Segundo o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 20 de outubro de 2015 polo que se aproban as Normas reguladoras do Rexistro de Intereses da Cámara, en que momento non procede presentar as declaracións de actividades e de bens e dereitos?
- a) Antes de que se celebre a sesión constitutiva da lexislatura.
 - b) Antes da entrega da credencial acreditativa da condición de deputada ou deputado electo.
 - c) No momento da entrega da credencial acreditativa da condición de deputada ou deputado electo.
 - d) Antes de que se celebre a sesión na que poida acadar a condición plena de deputada ou deputado.

25. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os poderes inscritos nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos terán unha validez determinada máxima de:
- a) dous anos a contar dende a data da inscrición.
 - b) tres anos a contar dende a data da inscrición.
 - c) catro anos a contar dende a data da inscrición.
 - d) cinco anos a contar dende a data da inscrición.
26. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, quen pode presentarse no procedemento administrativo mentres non recaese resolución definitiva para que se consideren interesados neste procedemento?
- a) Os que non iniciasen o procedemento e teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que se adopte neste procedemento.
 - b) Aqueles cuxa condición de interesado derivase dalgunha relación xurídica-transmisible.
 - c) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos poidan resultar afectados pola resolución.
 - d) As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais.
27. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para ditar e notificar resolución expresa este será de:
- a) un mes.
 - b) dous meses.
 - c) tres meses.
 - d) catro meses.
28. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o órgano competente para resolver pode ampliar o prazo máximo de resolución e notificación?
- a) Si, e non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
 - b) Si, unicamente a proposta do superior xerárquico do órgano competente para resolver, e non poderá ser superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
 - c) Si, sempre a proposta do superior xerárquico do órgano competente para resolver, e non poderá ser superior á metade do establecido para a tramitación do procedemento.
 - d) O prazo máximo de resolución e notificación non pode ser ampliado.
29. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o pedimento razoado de inicio dun procedemento formulado por un órgano sen ter atribuída esa competencia, en que casos vincula ao órgano que era competente para inicialo?
- a) Nos procedementos de natureza sancionadora.
 - b) Nos procedementos de responsabilidade patrimonial.
 - c) Nos procedementos por denuncia.
 - d) Todas as anteriores son falsas.
30. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o dereito dos interesados a reclamar nun procedemento de responsabilidade patrimonial prescribirá:
- a) ao ano dende que se produza o feito ou acto que motive a indemnización no caso de danos de carácter físico ou psíquico.
 - b) ao ano dende que se produza o feito ou acto que motive a indemnización ou se manifeste o seu efecto lesivo.
 - c) aos dous anos dende que se manifeste o efecto lesivo do feito ou acto que motive a indemnización.
 - d) aos dous anos dende que se produza o feito ou acto que motive a indemnización no caso de danos de carácter físico ou psíquico.

31. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, en que casos se pode interpoñer recurso de alzada contra un acto de trámite?
- Contra un acto de trámite só cabe recurso potestativo de reposición.
 - Contra un acto de trámite non caben recursos.
 - Cando o acto de trámite decida directa ou indirectamente no fondo do asunto.
 - Todos os actos de trámite admiten a interposición de recursos de alzada.
32. Segundo o artigo 128 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os regulamentos e as disposicións administrativas poderán:
- tipificar infraccións administrativas.
 - establecer sancións.
 - tipificar faltas.
 - todas as anteriores son falsas.
33. Segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Universidades públicas rexeranse:
- unicamente pola súa normativa específica.
 - unicamente polas previsións desta lei.
 - polas previsións desta lei e supletoriamente pola súa normativa específica.
 - pola súa normativa específica e supletoriamente polas previsións desta lei.
34. Segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro de 2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, cal NON é motivo de abstención para intervir nun procedemento?
- Ter relación de servizo con persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto ou terlle prestado nos tres últimos anos servizos profesionais.
 - Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro cuxa resolución puidera influír a aquel.
 - Ser administrador de sociedade ou entidade interesada.
 - Ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
35. Segundo a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, a Xunta de Galicia elaborará e publicará no Portal de Transparencia e Goberno Aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento de Galicia que afecten ás súas competencias:
- ao final da lexislatura.
 - ao final de cada período de sesións.
 - ao final de cada ano.
 - cada dous anos.
36. Segundo a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, en canto á solicitude de acceso dunha persoa á información pública:
- A persoa solicitante está obrigada a motivar a solicitude.
 - A persoa solicitante non está obrigada a motivar a solicitude.
 - A persoa solicitante está obrigada a expoñer os motivos polos que solicita a información.
 - A ausencia de motivación será por si soa causa de rexeitamento da solicitude.
37. Segundo o artigo 55 da Constitución Española, no caso de declaración do estado de excepción ou de sitio poderán ser suspendidos:
- os dereitos recoñecidos nos artigos 17, 18, apartados 2 e 3, artigos 19, 20, apartados 1.a) e d) e 5, artigos 21, 28, apartado 2, e artigo 37, apartado 2, exceptuando do establecido anteriormente o apartado 3 do artigo 17 para o suposto de declaración do estado de excepción.
 - os dereitos recoñecidos nos artigos 17, 18, apartados 1 e 3, artigos 19, 20, apartados 1.a) e d) e 5, artigos 21, 28, apartado 2, e artigo 37, apartado 2, exceptuando do establecido anteriormente o apartado 3 do artigo 17 para o suposto de declaración do estado de excepción.
 - os dereitos recoñecidos nos artigos 17, 18, apartados 2 e 3, artigos 19, 20, apartados 1.a) e c) e 5, artigos 21, 28, apartado 2, e artigo 37, apartado 2, exceptuando do establecido anteriormente o apartado 3 do artigo 17 para o suposto de declaración do estado de excepción.
 - ningunha das anteriores é correcta.

38. Indica cal dos seguintes apartados NON está incluído no artigo 43 da Constitución Española:
- a) Recoñécese o dereito á protección da saúde.
 - b) Os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do lecer.
 - c) Compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios. A lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.
 - d) O Estado fomentará a educación sanitaria, a educación física e o deporte.
39. Segundo o artigo 84 da Constitución Española, cando unha proposición de lei ou unha emenda fose contraria a unha delegación lexislativa en vigor estará facultado para opoñerse á súa tramitación:
- a) o Goberno.
 - b) o Congreso dos Deputados.
 - c) o Tribunal Constitucional.
 - d) o Senado.
40. O artigo 20 da Constitución Española dita que só poderá acordarse o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios de información en virtude de:
- a) sentenza xudicial.
 - b) auto xudicial.
 - c) resolución xudicial.
 - d) providencia xudicial.
41. Segundo o artigo 110 da Constitución Española, os membros do Goberno poderán solicitar que informen ante as sesións das Cámaras e as súas comisións:
- a) funcionarios dos seus departamentos.
 - b) os seus asesores.
 - c) os ministros.
 - d) ningunha das anteriores é correcta.
42. En que artigo da Constitución Española se define que tipo de lei regulará os estados de alarma, de excepción e de sitio?
- a) 114.
 - b) 115.
 - c) 116.
 - d) 117.
43. Segundo o artigo 144 c) da Constitución Española, as Cortes Xerais mediante Lei Orgánica poderán, por motivos de interese nacional, substituír a iniciativa das corporacións locais a que se refire:
- a) o apartado 1 do artigo 143.
 - b) o apartado 2 do artigo 143.
 - c) o apartado 3 do artigo 143.
 - d) o apartado 4 do artigo 143.
44. En que artigo e apartado da Constitución Española se afirma que ningunha autoridade poderá adoptar medidas que directa ou indirectamente obstaculicen a liberdade de circulación e establecemento das persoas e a libre circulación de bens en todo o territorio español?
- a) 139.1.
 - b) 139.2.
 - c) 139.3.
 - d) 139.4.

45. De conformidade co artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, quen goza da condición política de galegos?
- Os cidadáns españois que, de acordo coas leis xerais do Estado, teñan veciñanza administrativa en calquera dos municipios de Galicia.
 - Os cidadáns españois que teñan veciñanza administrativa no territorio galego durante polo menos un ano.
 - Todas as persoas nadas en Galicia.
 - Todas as persoas nadas en Galicia e os estranxeiros de pais galegos.
46. De conformidade co artigo 7 do Estatuto de Autonomía de Galicia, como se define a galeguidade?
- Como o dereito a colaborar e compartir a vida social e cultural do pobo galego.
 - Como o recoñecemento dos dereitos e deberes recollidos no Estatuto e na Constitución.
 - Como o recoñecemento da identidade galega, os seus usos e costumes.
 - Como o recoñecemento dos dereitos e deberes recollidos no Estatuto de Autonomía de Galicia.
47. De conformidade co artigo 28.cinco do Estatuto de Autonomía de Galicia é competencia da Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación do Estado na seguinte materia:
- ordenación dos portos deportivos.
 - ordenación dos portos pesqueiros.
 - ordenación do litoral.
 - ordenación do sector pesqueiro.
48. Escolle cal é competencia exclusiva da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o artigo 27.dezasete do Estatuto de Autonomía de Galicia:
- as feiras, festas e mercados interiores.
 - as feiras e mercados interiores.
 - as festas e mercados interiores.
 - ningunha das anteriores é correcta.
49. Segundo o artigo 39 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a quen lle corresponde a creación e determinación da estrutura da súa propia administración pública?
- Ao goberno da Xunta de Galicia.
 - Ao Parlamento de Galicia.
 - Ás deputacións provinciais.
 - Á comunidade autónoma.
50. De conformidade co artigo 57 do Estatuto de Autonomía de Galicia, de que prazo dispoñen as Cortes Xerais para declararse no afectadas pola reforma do Estatuto?:
- 10 días a partir da recepción da consulta.
 - 20 días a partir da recepción da consulta.
 - 30 días a partir da recepción da consulta.
 - 60 días a partir da recepción da consulta.
51. De conformidade co artigo 23 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a constitución inicial dos grupos parlamentarios farase:
- dentro dos cinco días seguintes á sesión de apertura da nova lexislatura.
 - dentro dos cinco días seguintes á sesión de investidura.
 - dentro dos cinco días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.
 - dentro dos sete días seguintes á sesión constitutiva do Parlamento.

52. O Regulamento do Parlamento de Galicia, no seu artigo 16, dita que os membros do Parlamento manifestarán con anterioridade se, dentro do marco da súa profesión ou actividade remunerada, se ocupan dunha cuestión que é obxecto de debate:
- a) no pleno da Cámara.
 - b) nunha Ponencia.
 - c) no pleno dunha comisión.
 - d) nun grupo de traballo.
53. Segundo o artigo 33 do Regulamento do Parlamento de Galicia, quen autoriza e supervisa as actas das sesións plenarias, da Mesa e da Xunta de Portavoces?
- a) Só o secretario da Cámara.
 - b) Só o vicesecretario da Cámara.
 - c) Só o secretario da Cámara, co visto e praxe do presidente.
 - d) O secretario e o vicesecretario da Cámara.
54. De conformidade co artigo 68.2 poderán celebrarse sesións en días distintos aos sinalados no Regulamento do Parlamento por acordo:
- a) da Mesa do Parlamento, aceptado pola Xunta de Portavoces.
 - b) da Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces.
 - c) da Mesa do Parlamento.
 - d) da Xunta de Portavoces.
55. O Artigo 97.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia determina que a presentación de documentos na Oficialía Maior poderá facerse nos días e nas horas que fixe:
- a) a Oficialía Maior.
 - b) a Mesa da Cámara.
 - c) o Rexistro Xeral da Cámara.
 - d) a Oficialía Maior, tras o acordo da Mesa do Parlamento.
56. De conformidade co artigo 108 do Regulamento do Parlamento de Galicia, durante canto tempo pode o Presidente suspender os dereitos parlamentarios dun deputado?
- a) Ata un mes, ampliable por proposta da Mesa do Parlamento, de acordo co previsto no artigo 103.
 - b) Ata un mes, ampliable por proposta da Mesa do Parlamento, de acordo co previsto no artigo 104.
 - c) Ata un mes, ampliable por proposta da Xunta de Portavoces, de acordo co previsto no artigo 103.
 - d) Por dous meses.
57. Segundo a Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en toda contratación pública incorporaranse de maneira transversal e preceptiva:
- a) criterios sociais e medioambientais, sempre que a súa inclusión contribúa a unha maior e mellor eficiencia na utilización dos fondos públicos.
 - b) criterios sociais e medioambientais independentemente do obxecto do contrato.
 - c) criterios sociais e medioambientais, sempre que a súa inclusión proporcione unha mellor relación calidade-prezo na prestación contractual.
 - d) criterios sociais e medioambientais sempre que garden relación co obxecto do contrato.
58. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, dentro do sector público e para os efectos desta Lei, cal das seguintes entidades NON terá a consideración de Administración pública?
- a) as Universidades Públicas.
 - b) as Mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.
 - c) as Deputacións Forais e as Xuntas Xerais dos territorios históricos do País Vasco no que respecta á súa actividade de contratación.
 - d) as Entidades Xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.

59. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que contratos terán carácter administrativo?
- a) Os celebrados por entidades do sector público que non reúnan a condición de poder adxudicador.
 - b) Os declarados así expresamente por unha Lei.
 - c) Aqueles cuxo obxecto sexa a subscrición a revistas, publicacións periódicas e bases de datos.
 - d) Os celebrados por entidades do sector público que sendo poder adxudicador non reúnan a condición de Administracións Públicas.
60. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a prórroga dos contratos será acordada:
- a) pola mesa de contratación e non será obrigatoria para o contratista nos casos en que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 por se demorar a Administración no aboamento do prezo máis de seis meses.
 - b) polo órgano de contratación e producirase polo consentimento tácito das partes, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
 - c) pola mesa de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
 - d) polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.
61. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público, no perfil do contratante a publicación da información relativa aos contratos menores, que se deberá realizar polo menos trimestralmente, como se deberá ordenar?
- a) por orde cronolóxica.
 - b) pola duración do contrato.
 - c) polo importe de adxudicación.
 - d) pola identidade do adxudicatario.
62. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no expediente de contratación xustificarase adecuadamente, entre outros, a necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes, como deberá ser a súa relación co obxecto do contrato?
- a) directa, suficiente e proporcional.
 - b) directa, clara e proporcional.
 - c) adecuada, clara e proporcional.
 - d) directa, clara e suficiente.
63. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, no contrato menor de obra, cando se deberá solicitar o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 desta lei?
- a) Cando o orzamento dos traballos supere os 15.000 €.
 - b) Cando se trate de obras no exterior do edificio.
 - c) Cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.
 - d) Cando as disposicións vixentes requiran a existencia do correspondente proxecto.
64. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, os órganos de contratación proporcionarán, se procede, a todos os interesados no procedemento de licitación aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, en que prazo?
- a) Como máis tarde 6 días despois de presentada a solicitude.
 - b) Como máis tarde 6 días antes de que remate o prazo fixado para a presentación de ofertas.
 - c) Como máis tarde 12 días antes de que remate o prazo fixado para a presentación de ofertas.
 - d) Como máis tarde 12 días despois de presentada a solicitude.

65. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, cando o único criterio para seleccionar o adxudicatario do contrato sexa o do menor custo do ciclo de vida, o prazo máximo para efectuar a adxudicación, salvo que se establecese outro no prego de cláusulas administrativas particulares, será de:
- a) quinze días contados desde a apertura das proposicións.
 - b) quinze días contados desde a clasificación de ofertas realizada pola mesa de contratación.
 - c) dous meses contados desde a apertura das proposicións.
 - d) dous meses contados desde a clasificación de ofertas realizada pola mesa de contratación.
66. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en cal dos seguintes contratos NON se poderá abreviar a súa tramitación segundo o artigo 159.2 da lei?
- a) Os contratos de servizos que teñan por obxecto prestacións de carácter intelectual.
 - b) Os contratos de obra de valor estimado inferior a 80.000 €.
 - c) Os contratos de subministración cun valor estimado inferior a 60.000 €.
 - d) Os contratos de servizo de valor estimado inferior a 75.000 €.
67. Segundo a Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, en cal dos seguintes casos os órganos de contratación poderán adxudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a publicación previa dun anuncio de licitación?
- a) Nos contratos de obra nos que as ofertas presentadas incorran en baixa desproporcionada.
 - b) Cando se trate da adquisición de subministracións en mercados organizados ou bolsas de materias primas de subministracións que coticen neles.
 - c) Nos contratos de subministracións que só poidan ser encomendados a un empresario determinado, porque o contrato teña por obxecto adquisición dunha obra de arte integrante do Patrimonio Histórico español.
 - d) Nos contratos de concesións, cando unha imperiosa urxencia resultante de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación e non imputables ó mesmo demande unha pronta execución do contrato.
68. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a quen lle corresponden as funcións que impliquen a participación no exercicio das potestades públicas ou na salvagarda dos intereses xerais da Administración parlamentaria?
- a) ao corpo superior do Parlamento de Galicia.
 - b) ao corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.
 - c) ao corpo de xestión do Parlamento de Galicia.
 - d) ao persoal funcionario de carreira.
69. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario de carreira da Administración do Parlamento de Galicia que sexa nomeado persoal eventual da Presidencia pasará á situación administrativa de:
- a) servizos noutras administracións públicas.
 - b) excedencia voluntaria.
 - c) servizos especiais.
 - d) suspensión de funcións no posto que deixou vacante.
70. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a que corpo ou escala lle corresponde a elaboración de proxectos normativos?
- a) Ao letrada ou letrado oficial maior.
 - b) En exclusiva ao corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.
 - c) Ao corpo superior do Parlamento de Galicia.
 - d) En exclusiva á escala técnica de publicacións.

71. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a quen lle corresponde o levantamento das actas das mesas das comisións e as ponencias?
- Ao corpo de letradas e letrados do Parlamento de Galicia.
 - Ao persoal administrativo asignado ao órgano correspondente.
 - Ao servizo de publicacións.
 - Á secretaria ou ó secretario do órgano correspondente.
72. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, cando se entende que existe infrarrepresentación do sexo feminino, para os efectos de resolver a igualdade de méritos entre dúas persoas candidatas nunha selección do persoal funcionario?
- Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
 - Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e homes no conxunto de corpos da Administración parlamentaria sexa de vinte puntos.
 - Cando a diferenza porcentual entre o número de mulleres e homes no corpo, escala, grupo ou categoría do posto sexa de dez puntos.
 - Cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, cinco puntos entre o número de mulleres e o número de homes.
73. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario en situación de servizos noutras administracións públicas, cando deixe de ocupar ese posto, solicitará o reingreso ao Parlamento de Galicia no prazo máximo dun mes. De non efectuar esta solicitude, pasará á situación administrativa de:
- expectativa de destino.
 - suspensión de funcións.
 - excedencia voluntaria por interese particular.
 - servizos noutras administracións públicas por un período máximo de seis meses.
74. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, sobre cal das seguintes materias debe emitir informe a Xunta de Persoal, por solicitude da Administración parlamentaria?
- O establecemento da xornada laboral e do horario de traballo.
 - A revisión dos sistemas de organización e dos métodos de traballo.
 - Os mecanismos de prevención que se utilizan.
 - O réxime de permisos, vacacións e licenzas.
75. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia para os efectos da gradación das sancións, existirá reincidencia cando:
- no prazo dun ano desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometese outra infracción da mesma natureza.
 - no prazo de dous anos desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometese outra infracción da mesma natureza.
 - no prazo de tres anos desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometese outra infracción da mesma natureza.
 - no prazo de catro anos desde que recaese resolución sancionadora firme a presunta persoa infractora cometese outra infracción da mesma natureza.
76. Segundo o Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, a quen se faculta para adoptar acordos que puidesen ampliar os dereitos das empregadas e empregados públicos do Parlamento de Galicia?
- Á Presidenta ou ó Presidente do Parlamento.
 - Á Xunta de Persoal.
 - Á Mesa de negociación.
 - Á Mesa del Parlamento.

77. Segundo a Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, quen velará polo uso non sexista da linguaxe nas administracións locais?
- O Alcalde.
 - As Corporacións locais.
 - O Valedor do Pobo.
 - A Administración autonómica.
78. Segundo a Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e o sector público autonómico adoptarán as medidas necesarias para garantir a formación continua do seu persoal en materia de igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, cal será a duración mínima da formación para obter o nivel medio de coñecemento nesta materia?
- Setenta e cinco horas.
 - Cen horas.
 - Cento cincuenta horas.
 - Trescentas horas.
79. Segundo a Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais, o empresario deberá elaborar e conservar a disposición da autoridade laboral, entre outra documentación, unha relación de accidentes de traballo e enfermidades profesionais que lle causasen ao traballador unha incapacidade laboral:
- superior a un día de traballo.
 - igual ou superior a tres días laborables.
 - superior a cinco días laborables.
 - igual ou superior a unha semana de traballo.
80. Segundo a Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais, nas relacións de traballo a través de empresas de traballo temporal, quen será responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e da saúde dos traballadores?
- A empresa de traballo temporal.
 - A empresa en que efectivamente presta os servizos.
 - Os traballadores da empresa usuaria designados para ocuparse das actividades de protección e prevención.
 - O servizo de prevención da empresa de traballo temporal.
81. Contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública resolta por unha Consellería poderase interpoñer:
- Recurso contencioso-administrativo.
 - Reclamación perante o Consello de Transparencia e bo Goberno.
 - Recurso de reposición perante o propio órgano.
 - Reclamación perante o Valedor do Pobo.
82. As disposicións da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno son aplicables:
- ás universidades.
 - ás universidades e ás súas entidades vinculadas e dependentes.
 - só ao sector público autonómico, de acordo coa Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
 - aos entes, organismos ou entidades con personalidade xurídica propia que fosen creados especificamente para satisfacer necesidades de interese xeral e que teñan carácter industrial ou mercantil.
83. A Constitución garante:
- o dereito á folga dos traballadores.
 - o dereito á folga dos traballadores e o paro patronal.
 - o dereito á folga dos traballadores, o paro patronal e o paro do estudiantado.
 - a Constitución non garante ningún tipo de paro nin folga, a salvo do que estableza a lexislación sectorial.

84. A achega dos documentos esixidos para a formación do Rexistro de Intereses da Cámara:
- a) configúrase como un deber das Deputadas e Deputados.
 - b) configúrase como unha actuación obrigatoria para as Deputadas e Deputados que se debe formalizar durante o tempo que dure a lexislatura.
 - c) configúrase como un deber das Deputadas e Deputados, pero non é un requisito para a adquisición da súa condición plena.
 - d) configúrase como un deber das Deputadas e Deputados e un requisito para a adquisición da súa condición plena.
85. O acceso ao Rexistro de Intereses:
- a) realízase a través de pedimento formal.
 - b) non é posible salvo requirimento xudicial.
 - c) é público, a través do *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e do Portal de transparencia da Cámara.
 - d) realízase a través de pedimento polo procedemento establecido na lexislación de transparencia.
86. Os sistemas de sinatura admitidos polas Administracións públicas son:
- a) sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados.
 - b) sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados.
 - c) sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados e sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados.
 - d) sistemas de sinatura electrónica cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados, sistemas de selo electrónico cualificado e de selo electrónico avanzado baseados en certificados electrónicos cualificados ou calquera outro sistema que as Administracións públicas consideren válido sempre que contén cun rexistro precedente como usuario que permita garantir a súa identidade, tras a comunicación á Secretaría Xeral de Administración Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.
87. Nos recursos de alzada o silencio administrativo será:
- a) sempre desestimatorio.
 - b) sempre estimatorio.
 - c) será desestimatorio cando se interpuxese contra a desestimación por silencio administrativo dunha solicitude polo transcurso do prazo.
 - d) entenderase estimado se, chegado o prazo de resolución, o órgano administrativo competente non ditase e notificase resolución expresa, sempre que non se refira ás materias enumeradas no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
88. Segundo o Esquema Nacional de Seguridade (ENS):
- a) os sistemas de información serán obxecto dun proceso para determinar a súa conformidade co ENS. Para tal efecto, deben clasificarse nas categorías de Básica, Media ou Alta, tras a auditoría.
 - b) os sistemas de información serán obxecto dun proceso para determinar a súa conformidade co ENS. Para tal efecto, os sistemas de categoría media ou alta precisarán dunha auditoría para a certificación da súa conformidade.
 - c) os sistemas de información serán obxecto dun proceso para determinar a súa conformidade co ENS. A determinación da categoría, básica, media ou alta realízase a través dun proceso de autoavaliación.
 - d) é potestativo que os sistemas de información das administracións públicas realicen un proceso para determinar a súa conformidade co ENS.

89. Segundo o artigo 38 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, cada Administración pública determinará as condicións e instrumentos de creación das sedes electrónicas, pero en todo caso deberán conter:
- a) a identificación do órgano titular da sede, así como os medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas.
 - b) a relación de procedementos administrativos e a identificación do órgano titular da sede.
 - c) a relación de procedementos administrativos e un sistema de verificación de documentos administrativos e a identificación do órgano titular da sede.
 - d) a identificación do órgano titular da sede, os medios dispoñibles para a formulación de suxestións e queixas, a relación de procedementos administrativos e un sistema de verificación de documentos administrativos e a identificación do órgano titular da sede.
90. Segundo o artigo 41 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, enténdese por actuación administrativa automatizada:
- a) calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que poida intervir ou non un empregado público.
 - b) calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo que se asina de forma automática por un sistema informático.
 - c) calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos por unha Administración pública no marco dun procedemento administrativo e na que non interviñese de forma directa un empregado público.
 - d) o uso de ferramentas de intelixencia artificial.
91. A realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación e a realización de prácticas académicas externas ao abeiro da respectiva regulación legal e regulamentaria:
- a) determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen.
 - b) determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social só no caso de prácticas curriculares.
 - c) determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social só no caso de prácticas extracurriculares.
 - d) determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social só no caso de que as prácticas sexan remuneradas.
92. O artigo 9 do Regulamento Europeo de Protección de Datos establece como regra xeral para as categorías especiais de datos persoais:
- a) a prohibición de tratamento deste tipo de datos.
 - b) o tratamento destes datos sempre que exista un consentimento, aínda que sexa tácito.
 - c) o tratamento destes datos única e exclusivamente para protexer intereses vitais do interesado.
 - d) o tratamento destes datos exclusivamente para fins de investigación.
93. NON se consideran categorías especiais de datos persoais ("datos sensibles") os seguintes:
- a) o tratamento de datos xenéticos.
 - b) as conviccións filosóficas.
 - c) os datos biométricos.
 - d) os datos de saúde de persoas falecidas.
94. Conforme o artigo 13 do Regulamento Europeo de Protección de Datos non é necesario que o responsable do tratamento lle facilite ao interesado, no momento en que se obteñan os datos persoais, a seguinte información:
- a) o prazo durante o cal se conservarán os datos persoais ou, cando non sexa posible, os criterios utilizados para determinar este prazo.
 - b) o dereito a presentar unha reclamación ante unha autoridade de control.
 - c) a existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.
 - d) a cesión dos seus datos a un encargado de tratamento ou ás administracións públicas para o cumprimento das funcións legalmente establecidas.

95. Conforme o artigo 169 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, para tramitar o procedemento informal de solución de conflitos por acoso sexual e do acoso por razón de sexo, a dirección de persoal de cada unidade administrativa ou centro de traballo, tras a audiencia da representación legal do persoal:
- a) incoará un expediente de información reservada.
 - b) designará un asesor ou asesora confidencial, preferiblemente unha muller.
 - c) incoará un expediente disciplinario.
 - d) comunicaráselle o expediente ao Ministerio Fiscal.
96. Están dentro do ámbito de aplicación da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:
- a) os organismos e entidades dependentes das entidades locais.
 - b) as entidades locais.
 - c) as subvencións das entidades locais réxense pola normativa local.
 - d) as entidades locais e os seus organismos e entidades dependentes destas.
97. Segundo a Lei 7/2023, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, a quen se deberán remitir as proposicións de lei presentadas no Parlamento de Galicia, antes da súa discusión parlamentaria, para que emita o informe de impacto de xénero?
- a) Ao Consello Económico e Social de Galicia.
 - b) Ao Valedor do Pobo.
 - c) Á Xunta de Galicia.
 - d) Ao Instituto Galego de Estatística.
98. Que dita o artigo 47.1 do Estatuto de Autonomía de Galicia, no respectivo á emisión de débeda pública?
- a) A comunidade autónoma, mediante acordo do Parlamento, poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.
 - b) Os títulos emitidos non terán a consideración de fondos públicos.
 - c) O volume e as características das emisións estableceranse de acordo coa ordenación xeral da política de títulos do Estado.
 - d) A comunidade autónoma non poderá emitir débeda pública para financiar gastos de investimento.
99. Que artigos comprende o Título X da Constitución Española?
- a) Do 166 ao 169, ámbolos dous inclusive.
 - b) Do 165 ao 169, ámbolos dous inclusive.
 - c) Do 166 ao 168, ámbolos dous inclusive.
 - d) Do 164 ao 169, ámbolos dous inclusive.
100. As emendas á totalidade dun proxecto de lei poderán ser presentadas, segundo identifica o artigo 112 do Regulamento do Parlamento de Galicia, por:
- a) os partidos políticos.
 - b) os grupos parlamentarios unicamente.
 - c) os grupos parlamentarios ou por un deputado coa sinatura doutros catro.
 - d) un deputado en exercicio do seu dereito de pedimento individual.
101. O artigo 109 da Constitución Española dita:
- a) Os membros do Goberno teñen acceso ás sesións das Cámaras e ás súas Comisións e a facultade de facerse oír nelas, e poderán solicitar que informen ante as mesmas funcionarios dos seus Departamentos.
 - b) Os membros do Goberno teñen acceso ás sesións das Cámaras e o dereito de facerse oír nelas, e poderán solicitar que informen ante as mesmas membros dos seus Departamentos.
 - c) Os membros do Goberno teñen acceso ás sesións das Cámaras e ás súas Comisións e o dereito de facerse oír nelas, e poderán solicitar que informen ante as mesmas membros dos seus Departamentos.
 - d) Todas as anteriores son incorrectas.

102. O artigo 6 e seguintes do Real Decreto 301/2022, polo que se aproba o Esquema Nacional de seguridade, concibe a seguridade como:
- a) un proceso integral constituído por todos os elementos humanos, técnicos, xurídicos e organizativos.
 - b) un proceso de actuación puntual.
 - c) o conxunto de actuacións de prevención, detección e resposta que por un tempo pode supoñer a indisponibilidade dos servizos durante o ciclo vital da información dixital.
 - d) unha estratexia de protección cunha forte capa de seguridade.
103. O Parlamento de Galicia pode esixir a responsabilidade política da Xunta, do seu Presidente e dos seus conselleiros, mediante a adopción dunha moción de censura. A súa tramitación ten, entre outras, as seguintes peculiaridades recollidas no Regulamento do Parlamento de Galicia:
- a) a moción deberá ser proposta, polo menos, pola cuarta parte dos deputados, en escrito motivado dirixido á Mesa do Parlamento e incluíndo un candidato á Presidencia da Xunta.
 - b) non poden presentarse mocións alternativas.
 - c) de presentarse mocións alternativas, o debate destas será por separado.
 - d) a aprobación da moción de censura requirirá, en todo caso, o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Parlamento.
104. Segundo o acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 17 de marzo de 2015 polo que se aproban as Normas supletorias do artigo 155 do Regulamento para a tramitación das preguntas parlamentarias dirixidas ao presidente da Xunta de Galicia, a pregunta incluída na correspondente sesión plenaria seralle comunicada á Presidenta ou ó Presidente da Xunta de Galicia:
- a) polo servizo de asistencia parlamentaria.
 - b) polo secretario da Mesa do Parlamento.
 - c) pola Mesa do Parlamento.
 - d) polo Presidente ou Presidenta do Parlamento.
105. O número de deputados do Parlamento de Galicia fíxase na lei 8/1985 de eleccións ao Parlamento de Galicia en:
- a) 75 deputados, sendo un mínimo inicial de 10 deputados por provincia.
 - b) 75 deputados, sendo un mínimo inicial de 15 deputados por provincia.
 - c) 75 deputados, dos que 20 escanos se distribúen en proporción á poboación das provincias.
 - d) 75 deputados, dos que 30 escanos se distribúen en proporción á poboación das provincias.